

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NO  
PROCEDIMENTO ABERTO DO CONTRATO DE OBRA: "AFIRMADO E  
PAVIMENTACIÓN DIVERSAS RÚAS EN BECERREÁ"**

1) DATOS XENÉRICOS

1a) Definición do obxecto do contrato.

O obxecto deste prego é a contratación que o Concello de Becerreá promoveu para a realización das obras e actuacións de rehabilitación superficial e de mellora funcional co obxecto de alcanzar a maior capacidade e fluidez na circulación de diversas vías municipais consecuencia da cesión de diversos tramos de la N-VI ó Concello de Becerreá, en cumprimento do Convenio asinado co Ministerio de Fomento para a "financiación do proxecto de obras de mellora dos tramos urbáns da rede de carreteras do Estado no termo Municipal de Becerreá e transferencia de titularidade dos mesmos".

En relación co artigo 67.2.a) do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas (RXLCAP), correspóndelle o Código CPV 45230000. O Código CPA-2002, é 452312 Traballo xerais de pavimentación de autopistas, carreteras, rúas e outras vías de circulación para vehículos ou peóns.

Se incorporan a este Prego, formando parte do mesmo, con carácter contractual: o proxecto de obra denominado "Afirmado e pavimentación de diversas rúas en Becerreá" redactado polo Enxeñeiro de Camiños Don David Castro Valdívía, colexiado número 18.670 e aprobado en Xunta de Goberno Local en sesión de data 8 de outubro de 2008. 1b) Necesidades administrativas a satisfacer

As necesidades administrativas que hai que satisfacer e os factores que interveñen no presente contrato están acreditados no expediente correspondente.

1b) Necesidades administrativas a satisfacer (artigo 22 da LCSP)

As necesidades administrativas que hai que satisfacer e os factores que interveñen no presente contrato están acreditados no expediente correspondente. Conforme coa providencia de inicio da alcaldía de data 10 de novembro de 2008 resulta que, polo Concello de Becerreá se solicita ó Ministerio de Fomento a cesión de diversos tramos da N-VI a fin de incluílos no viario municipal para o que cómpre levar a cabo obras e actuacións de rehabilitación superficial e de mellora funcional co obxecto de alcanzar a maior capacidade e fluidez na circulación mediante as solucións técnicas previstas no proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños colexiado número 18.670, Don David Castro Valdivia, comprendendo, segundo indica este, obra completa susceptible de ser entregada ó uso xeral.

1c) Orzamento

O prezo máximo da contratación fíxase na cantidade de **398.926, 87 Euros, IVE incluído**. As ofertas deberán incluír directamente no prezo o Importe do Valor Engadido (I.V.E.), si ben deberá detallarse expresamente, na forma establecida pola Lei 37/1992, de 28 de decembro, e Real Decreto 1624/1992, de 29 de decembro, figurando o IVE como partida independente **(343.902,48 € máis 55.024,39 € correspondentes ao IVE.)**

O Ministerio de Fomento, segundo o acordo catro do convenio asinado, se compromete a financiar a cantidade de 398.926,87 € transfirindo o importe da inversión ó Concello de Becerreá por obra executada. A devandita aportación farase efectiva mediante transferencia

de crédito con cargo ó capítulo VII dos Orzamentos Xerais do Estado correspondente ó Ministerio de Fomento coas anualidades seguintes:

Ano 2009: 119.678,06 €

Ano 2010: 279.248,81 €

Financiación do contrato:

Sendo de aplicación o previsto no artigo 94 da LCSP e dado que o contrato se formaliza no exercicio anterior ao de iniciación da execución, a adxudicación queda sometida a condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

Si se certificara obra correspondente á anualidade do 2010, no ano 2009, aboarase en todo caso no ano 2010 sen que o contratista teña dereito a intereses de demora.

#### 1d) Partidas orzamentarias

O gasto derivado desta contratación farase efectivo con cargo á partida 5.62 dos Orzamentos da Corporación correspondentes ós anos 2009 e 2010.

#### 1e) Prazo de execución

Conforme ó artigo 196.2 da LCSP, o contratista está obrigado a cumprir o con trato dentro do prazo total para a realización do mesmo fixado no proxecto técnico en **seis meses**, a contar desde desde a data de formalización da acta de comprobación do replanteo (212 LCSP), se xa foi notificada a aprobación do plan de seguridade e saúde no traballo elaborado polo adxudicatario. En caso contrario, o inicio das obras contarase a partir da data da citada notificación. A acta de comprobación do replanteo deberá levantarse no prazo dun mes dende a data de formalización do contrato remitíndose un exemplar da mesma ó órgano de contratación.

#### 1f) Procedemento e forma de adxudicación

A contratación levarase a cabo mediante: Un procedemento aberto, segundo o que establecen os artigos 141 a 145 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores. (artigo 141 da LCSP)

Cando para a valoración das porposicións deban terse en conta criterios distintos do prezo, o órgano competente para elo poderá solicitar, antes de formular á súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego. (artigo 141 da LCSP)

No procedemento aberto, a constitución de mesa de contratación, será obrigatoria (295 LCSP) e estará integrada por:

- Presidente: Alcalde-Presidente do Concello de Becerreá.
- Os vocais: Sr. Arquitecto municipal, a Secretaria-Interventora da Corporación e o señor Técnico Local de Empleo.
- Secretaria: funcionaria xefa do negociado de contabilidade que dará fe do acto.

A Mesa de Contratación calificará previamente os documentos presentados en tempo forma contidos no sobre A). Ós efectos da expresada calificación, o presidente ordeará a apertura dos sobres, con exclusión do relativo á proposición económica, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles. Si a Mesa observare defectos ou omisións subsanables na documentación presentada o comunicará verbalmente ós interesados, ademais faranse públicas a través de anuncios no taboleiro de anuncios do órgano de contratación e concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador subsane o erro.

A mesa, unha vez calificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan ós criterios de selección das mesmas a que fai referencia o artigo 11 do RXLCAP, con pronunciamiento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento. Nesta contratación esíxese a correspondente clasificación.

O acto público de apertura de proposicións se celebrará o primeiro luns seguinte ó de finalización del prazo para a presentación de ofertas, ás once horas no Salón de Sesións do Concello de Becerreá.

A Mesa procederá á apertura das propostas económicas. A Mesa evaluará as proposicións mediante os criterios de valoración que se recollen no Prego, e formulará a proposta que estime pertinente ó órgano de contratación. Poderá solicitar, antes de formular a proposta, os informes técnicos que considere necesario que teñan relación co obxecto do contrato.

#### 1g) Importe máximo dos gastos de publicidade

Os gastos de publicidade da licitación da contratación e os de dirección de obra, corresponderán ó contratista según resulte da correspondente liquidación.

#### 1h) Documentación que hai que presentar, e forma e contido das proposicións

A documentación para tomar parte no procedemento aberto presentárase, **dentro do prazo de vinteseis días naturais (26)** (artigo 143.2 da LCSP) a contar do seguinte o da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, antes das 14:00 horas. Cando o derradeiro día do fin do prazo coincida con sábado, domingo ou festivo, se entenderá que remata o primeiro día hábil seguinte.

A citada documentación terá que estar debidamente asinada polo licitador e ser orixinal ou estar correctamente autenticada, e deberase presentar **nun sobre pechado** dentro do cal se incluírá a documentación que se detalla a seguir.

O sobre antes apuntado, deberá ser entregado no Rexistro do Concello de Becerreá, praza do Concello s/n, 27640.- Becerreá, en horario de 9:00 a 14:00 ou enviados por correo dentro do prazo e hora sinalados. Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

Cando as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade a data de remate do prazo. Trancorridos, no entanto, 10 días naturais seguintes a indicada data sen haberse recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

O sobre levará o **título "Documentación do procedemento aberto para a contratación da obra "AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN DIVERSAS RÚAS EN**

**BECERREÁ” presentada por.....”, e deberá conter os sobres e a documentación seguinte:**

**SOBRE A; Documentación acreditativa da capacidade de obrar:**

**EMPRESARIO INDIVIDUAL:** Fotocopia autenticada, N.I.F., Pasaporte ou documento que o substitúa.

**PERSOAS XURÍDICAS:** (61 LCSP) Escritura de Constitución, Estatutos ou Acto fundacional no que consen as normas polas que se regula a súa actividade debidamente inscritos, no seu caso no Rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Conforme o artigo 46 da LCSP, as persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cujas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais lles sexa propios.

**PODERES:** Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou Persoa Xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á Persoa ou Entidade no nome do cal concorre ante a Administración contratante, salvo que na Escritura de Constitución ou Estatutos figure expresamente nombrado administrador/es facultado ou facultados para actuar na súa representación. Os poderes deberán bastantearse previamente por un letrado en exercicio no ámbito do colexio profesional provincial ou por un notario.

**Fotocopia compulsada del CIF e do DNI do representante, no seu caso.**

**Declaración responsable** outorgada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado de que o empresario non está incurso en prohibicións para contratar. (62.1 LCSP) A declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Dado o importe do contrato, por encima dos 350.000 €, será requisito indispensable que o empresario se atope debidamente clasificado (54 LCSP), debendo acreditala con **certificado orixinal en vigor de clasificación.**

**A clasificación requirida segundo figura no proxecto técnico, é:**

**E.1.b, I.9.c, G.4.c e G.6.d.**

Un **resgado acreditativo** que demostre que constituíu a **garantía provisional**, de acordo co que dispón a cláusula 1j1) Garantía provisional, deste prego, se fose o caso.

**SOBRE B proposición económica:**

Levará escrito o título “Proposta económica para a contratación mediante **procedemento aberto da obra “AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN DIVERSAS RÚAS EN BECERREÁ”** presentada por .....”, e que se deberá axustar ó seguinte modelo:

«Don/Dona ....., con DNI número ....., no meu propio nome [ou en representación da empresa ....., co CIF número .... e domiciliada no enderezo .....], coñecedor/a das condicións esixidas para optar á contratación relativa a “Afirmado e pavimentación de diversas rúas en Becerreá” e anuncio publicado no BOP de Lugo de data .....número....., comprométome a levala a cabo con suxeición ó proxecto e ós pregos de cláusulas administrativas particulares pola cantidade de ..... euros, IVE excluído . [A cantidade deberase expresar en letras e mis en cifras.] e coas melloras e demais criterios para a valoración desta proposición contidos no sobre C.

Así mesmo, declaro responsablemente que as facultades de representación que porto son suficientes e vixentes; que reúno todas e cada unha das condicións esixidas para contratar

coa Administración previstas nos artigos 43, seguintes e concordantes da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

»[Lugar, data e sinatura do licitador]»

**SOBRE C Levará escrito o título “Criterios técnicos para a valoración da proposición na contratación mediante procedemento aberto da obra “AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN DIVERSAS RÚAS EN BECERREÁ”**

Neste sobre e formando un cuadernillo se incluírán os documentos a valorar en relación os criterios obxectivos de adxudicación contidos na clausula seguinte e que son:

-Melloras: proposta de unidades de obra adicionais (mellora cuantitativa), en relación ás previstas no proxecto, sempre sen alterar sustancialmente este proxecto aprobado. Á proposta se unirá un *presuposto* coas medicións e prezos ofertados, que serán os do proxecto. Destas medicións e prezos resultará un orzamento de execución material que se consignará na oferta, neste apartado.

-Xustificación do prazo de garantía. (218 LCSP)

-Memoria metodolóxica con criterios obxectivos de desenvolvemento dos traballos.

1i) Criterios de valoración das ofertas e ponderación atribuída

Os criterios que hai que ter en conta no momento de decidir cal é a mellor proposta serán os que se reflicten a continuación de xeito decrecente, segundo a ponderación que se detalla para cada un:

-Melloras: proposta de unidades de obra adicionais (mellora cuantitativa), en relación ás previstas no proxecto, sempre sen alterar sustancialmente este proxecto aprobado, consistentes en;

1. Ampliación do ámbito da pavimentación de calzada previsto nos planos do proxecto, realizado con aglomerado executado conforme ó cadro de prezos número dous de dito proxecto.

2. Ampliación do número de sinais indicadores executada dacordo coas unidades correspondentes do cadro de prezos número dous e en proporción á ampliación á que se refire o punto 1.

3. Ampliación de marcas viales reflectantes executada dacordo coas unidades correspondentes do cadro de prezos número dous e en proporción á ampliación á que se refire o punto 1.

Á proposta se unirá un *presuposto* coas medicións e prezos ofertados, que serán os do proxecto. Destas medicións e prezos resultará un orzamento de execución material que se consignará na oferta. O número de puntos atribuíbles será o que resulte da aplicación da seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = (\text{orzamento ofertado} / 3.000 \text{ €}) \times 2$$

Valoraranse ata un máximo de 60 puntos.

-Xustificación do prazo de garantía. (218 LCSP) Valorarse ata 10 puntos, cun punto cada medio ano de garantía ofertado a maiores do ano previsto na lexislación vixente.

-Memoria metodolóxica con criterios obxectivos de desenvolvemento dos traballos que se valorará ata 5 puntos. Valorarase a calidade técnica do plantexamento da programación e desenvolvemento dos traballos, con especificacións dos medios tanto humanos e materiais previstos, así como dos referentes á seguridade das obras e da coherencia das mesmas. Se

valorará o coñecemento das posibles condicionantes no desenvolvemento das obras. Así mesmo se valorará a disposición de oficina con personal técnico a pé de obra.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible dacordo cos criterios que figuren no prego.

#### 1j) Garantías

##### 1j1) Garantía provisional

- Para tomar parte nesta licitación deberase constituír unha garantía provisional que responda do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación provisional do contrato polo importe de **10.317,07 euros** [equivalente ó máximo dun 3% do orzamento total do contrato sen IVE (artigo 91 da LCSP)].

##### 1j2) Garantía definitiva

- Os que resulten adxudicatarios provisionais dos contratos que celebren as Administracións públicas deberán constituír, á disposición do órgano de contratación, unha garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, acadando a cuantía de **17.195,12 €**. Para a devolución da garantía definitiva, unha vez concluído o contrato, se estará ó disposto nos artigos 90 e 218 da Lei de Contratos do Sector Público.

#### 1k) Propostas temerarias ou desproporcionadas

Na adxudicación, para determinar que unha proposta non pode ser cumprida por ser temeraria ou desproporcionada, consideraranse globalmente os criterios obxectivos fixados contrastándoos coa oferta presentada.

Cando para a adxudicación se deba considerar máis dun criterio de valoración, poderanse expresar nos pregos os parámetros obxectivos en función dos cales se apreciará, se fose o caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados. Se o prezo ofertado é un dos criterios obxectivos que deben servir de base para a adxudicación, poderanse indicar no prego os límites que permitan apreciar, se fose o caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de ofertas desproporcionadas ou anormais.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberásele dar audiencia ó licitador que a presentara para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións desta, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, ás solucións técnicas adoptadas, ás condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, á orixinalidade das prestacións propostas, ó respecto das disposicións relativas á protección do emprego e mais ás condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación, ou mesmo á posible obtención dunha axuda de Estado.

#### 1l) Dereitos e obrigas das partes

Os dereitos e obrigas das partes serán os que resulten da documentación contractual e da normativa aplicable.

##### 1m) Réxime de pagamento

Os pagamentos do prezo faranse trala presentación de certificacións expedidas polo Director das obras debidamente aprobadas polo Sr. Alcalde-Presidente.

##### 1n) Revisión e/ou adecuación dos prezos

Na revisión de prezos hai que atender ó disposto no artigo 77 e seguintes da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. Dado o prazo de execución do contrato non procederá a revisión de prezos.

#### 1ñ) Causas de resolución

As causas de resolución do contrato, ademáis das previstas no artigo 206 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, son as seguintes:

- O feito de que o contratista incorra en calquera das causas de prohibición para contratar coa Administración pública estipuladas no artigo 49 e concordantes da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

#### 1o) Incumprimento dos prazos parciais como causa da resolución do contrato

O incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais que se prevén na cláusula 1e) deste prego será causa de resolución do contrato, sen prexuízo do que se establece na cláusula seguinte.

#### 1p) Penalizacións en caso de demora na execución

Cando a Corporación opte pola non resolución do contrato no suposto de demora na execución tanto por incumprimento dos prazos parciais como total, imponse á contratista as penalizacións seguintes: Penalización diaria na proporción de 0,20 por cada 1.000 euros do prezo do contrato, aplicándose o réxime previsto no o artigo 196 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

#### 1q) Prazo especial de recepción do contrato

Non se establece un prazo especial de recepción. O prazo xeral será dun mes a partir da entrega ou da realización do obxecto do contrato.

#### 1r) Prazo de garantía do contrato

Fíxase un prazo de garantía dun ano desde a data de recepción da prestación contratada, sen prexuízo do establecido nos criterios de adxudicación do contrato.

#### 1s) Cesión e subcontratación

##### 1s1) Cesión

O adxudicatario só poderá ceder validamente os dereitos e obrigas que nazan do contrato mediante a autorización expresa e por escrito da Corporación, e conforme os requisitos sinalados no artigo 209 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

##### 1s2) Subcontratación

O adxudicatario só poderá subcontratar validamente a realización do contrato mediante a autorización expresa e escrita da Corporación, e conforme os requisitos sinalados no artigo 210 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

#### 1t) Confidencialidade dos datos do contrato

O adxudicatario deberá gardar segredo sobre os datos ou sobre os antecedentes que, sen seren públicos, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

#### 1u) Réxime xurídico da contratación

O réxime xurídico do contrato está constituído por este prego de cláusulas administrativas particulares, polo proxecto técnico e prego de prescricións técnicas particulares; así como

pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e polo resto da normativa aplicable en materia de contratos; como contrato administrativo, se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### 1v) Outros

##### 1v1) Domicilio para as notificacións

Salvo que o contratista manifieste o contrario mediante un escrito que faga fe ou mediante unha comparecencia, o seu domicilio para os efectos de lle efectuar todo tipo de notificacións e de trámites relacionados co expediente da presente contratación será o que figure no contrato correspondente.

##### 1v2) Presentación de certificados de Facenda, Seguridade Social e IAE

Conforme ó artigo 135 da LCSP, a elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcurran quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique aquela nun diario oficial ou no perfil do contratante do órgano de contratación. Durante este prazo, o adxudicatario deberá presentar a documentación xustificativa de atoparse ó corrente nas obrigas triburarias do Concello de Becerreá, da Axencia Estatal de Administración Tributaria, e coa Seguridade Social e do IAE (o impreso de alta na matrícula deste imposto e último recibo ou estando exento do pago deste imposto, declaración responsable onde se demostre que non se deu de baixa no epígrafe axeitado para o obxectivo do contrato).

##### 1v3) Constitución da garantía definitiva, se fose o caso, e formalización do contrato

O adxudicatario debe constituír a garantía definitiva, se fose o caso, no prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique aquela nun diario oficial ou no perfil do contratante do órgano de contratación, segundo dispón o artigo 135 da LCSP.

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo dos 15 días hábiles sinalado, sempre que o adxudicatario teña presentado a documentación igualmente sinalada e constituído a garantía definitiva, en caso de ser esixible.

O adxudicatario debe formalizar o contrato mediante un documento administrativo no prazo de 10 días hábiles contados desde a notificación da adxudicación definitiva conforme ó artigo 140.1 da LCSP.

Segundo o que establece o artigo 206 d) da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, a non formalización do contrato dentro do prazo establecido por mor de causa imputable ó contratista será motivo de resolución.

##### 1v4) Obrigas e responsabilidades de orde social

O contratista deberá cumprir baixo a súa responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social, de seguridade e saúde no traballo e de integración social dos discapacitados, de prevención de riscos laborais e demais leis especiais, e en xeral responderá de cantas obrigas lle sexan impostas pola súa condición de empregador. Responderá, así mesmo, do cumprimento de todas as normas que regulen a relación laboral ou de calquera outro tipo existente entre el ou entre os seus subcontratistas e os traballadores dun e doutros.

O contrato obxecto desta licitación se entende realizado a risco e ventura para o contratista.

##### 1v5) Seguros

O adxudicatario debe dispoñer dunha póliza de seguros de responsabilidade civil.

1v6) Os litixios derivados do contrato se entenderán sempre sometidos ós tribunais competentes con xurisdicción no lugar en que a Corporación contratante ten a súa sede.

## 2) DATOS ESPECÍFICOS

### 2a) Proxecto e documentación contractual

As obras ou instalacións obxecto do contrato serán as que se detallan no proxecto da obra e terán natureza contractual todos os documentos que contén.

### 2b) Solvencia económica, financeira e técnica; ou clasificación esixible, se é o caso

Dado o importe do contrato, por encima dos 350.000 €, será requisito indispensable que o empresario se atope debidamente clasificado (54 LCSP), debendo acreditálo con **certificado orixinal en vigor de clasificación**.

**A clasificación requirida é:**

**E.1.b, I.9.c, G.4.c e G.6.d.**

### 2c) Prazo total de execución, prazos parciais referentes ou non ó programa de traballo e determinación dos que darán vez a recepcións parciais

O prazo total de execución das obras ou instalacións será de SEIS meses.

Se a duración do contrato fose superior a un ano, e se non figura na documentación do proxecto, o adxudicatario estará obrigado a presentar un programa de traballo onde se indicarán os prazos, así como os prazos parciais nos que se teñan que executar as distintas partes das obras.

### 2d) Expedición das certificacións

As certificacións expedidas para os efectos do pagamento terán carácter mensual e incluírán toda a obra executada neste período.

### 2e) Dirección e instrucións para a execución e cumprimento do contrato

Tendo en conta a complexidade desta obra, as incidencias de todo tipo que se produzan durante o seu decurso e que pola súa natureza non sexan formuladas no libro de ordes apuntaranse nalgún dos documentos seguintes:

- Libro de incidencias da obra.
- Actas das reunións coa dirección facultativa e coa representación da Corporación.

### 2f) Gastos orixinados como consecuencia dos ensaios, das análises dos materiais e unidades de obra e dos informes específicos

Os gastos que se orixinen como consecuencia dos ensaios, das análises dos materiais e unidades de obra e dos informes específicos que se emitan por orde da dirección da obra, e que sexan pertinentes en cada caso, correrán por conta do contratista.

### 2j) Outros

#### 2g) Plan de seguridade e saúde

1. O adxudicatario, unha vez formalizado o contrato, estará obrigado a elaborar un plan de seguridade e saúde no traballo en aplicación do estudo de seguridade e saúde –ou, se é o caso, do estudo básico–, no cal se deben analizar, estudar, desenvolver e complementar as previsións contidas no estudo ou no estudo básico, nos termos que prevé a normativa xeral de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde nos traballos de execución de obras.

2. En caso de que o adxudicatario sexa un traballador autónomo, estará obrigado igualmente á elaboración deste plan, se ben que pode asumir esta obriga efectuándolle a encarga ó técnico competente en materia de seguridade e saúde que considere oportuno, sen que esta posibilidade poida comportar ningún aumento do prezo do contrato a que se refire o presente prego.

3. En todo caso, durante a execución dos traballos o adxudicatario estará obrigado ó cumprimento dos principios xerais aplicables á execución da obra previstos na normativa xeral citada no primeiro apartado, así como a cumprir exacta e fielmente as instrucións que reciba nesta materia por parte da dirección facultativa e das unidades da Corporación promotoras das obras.

4. Cando non se estableza expresamente un prazo menor nas cláusulas particulares, o contratista deberalle entregar á Corporación cinco exemplares do plan de seguridade e saúde no prazo máximo de 15 días hábiles contados desde a formalización do contrato. O plan deberá someterse a informe do técnico competente en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, e seralle elevado ó órgano competente para a súa aprobación. No caso de que o plan non obtivese a conformidade previa da unidade promotora, requirirase ó contratista para que nun novo prazo de dez días hábiles realice as emendas que por mor de eivas, defectos ou omisións lle cumpran, emendas a cuxa realización estará condicionada a elaboración do plan.

2h) O contrato poderá modificarse cando concurran as condicións establecidas nos artigos 202 e 217 da LCSP.

En Becerreá a 11 de novembro de 2008

O Alcalde

Asdo: Don Manuel Martínez Núñez.